

“VIGO PLEAMAR”

Unha instalación *máximal* aérea capitaneada pola Fundación Nautilus para a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

Seguindo coa longa tradición da Fundación Nautilus (Verde Primavera, Azul Marino, Hipócampus e Mar e Arte, entre outras), Vigo Pleamar é un proxecto no que se mesturan distintas técnicas para transformar material de refugallo en esculturas.

Partindo de caixas de cartón, recortes de plástico, botellas, chapas, etc., armados con tesoiras, pinces, aramio... e unha boa dose de imaxinación, a tripulación da Fundación Nautilus, xunto con máis de cen arthenautas, levaron adiante o obradoiro de reciclaxe artística que encheu esta marea.

Mergúllate nun mar de soños nos xardíns da Alameda ata as profundidades da historia presente, pasada e futura da cidade.

¡¡QUE SUBA A MAREA!!

A Fundación Nautilus adica esta instalación ao seu capitán Xosé Guillermo, pintor de voos e creador de soños.

Gracias.

Fundación Nautilus é unha asociación cultural, con sede en Vigo e Granada, tripulada por unha selecta amalgama de amigos e amigas internacionais e artistas esbardallantes que desenvolven pintura, escultura, música, teatro, poesía, literatura, gastronomía, instalacións *máximal*, etc., de xeito individual e colectivo, animando o estéril panorama e facendo da vida unha obra de arte.

Un bo proxecto, un ensino divertido, a convivencia de idades e razas, o fluxo e reflujo das ideas e técnicas, os materiais de reciclaxe, o xogar cun bo equipo, son a fórmula que orixina cada Instalación *Máximal*, un espectáculo de gran dimensión espacial e artística con capacidade para abraiar ao público máis esixente.

VIGO ALEAMAR



INSTALACIÓN MÁXIMAL AÉREA

DO 15 DE XULLO AO 15 DE AGOSTO NOS XARDÍNS DA ALAMEDA

FUNDICION
NAUTILUS



FUNDICION
NAUTILUS